

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 24 DE FEBREIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Arteixo para a execución do proxecto básico e de execución para a rehabilitación da Casa de Baños do edificio do Balneario de Arteixo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de dous millóns oitocentos sesenta e sete mil catrocentos nove euros con sesenta e dous céntimos (2.867.409,62€).
- Acordo polo que se toma razón do Protocolo da Xunta de Galicia para actuacións no ámbito educativo e no ámbito deportivo federado ante alertas meteorolóxicas.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de acción exterior 2025-2029.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual 2025 da cooperación galega para o desenvolvemento.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de substitución de tubaxes na Residencia de maiores Volta do Castro en Santiago de Compostela, e das obras de acondicionamento dun local para punto de encontro familiar en Cervo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2025. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes nunha residencia na Coruña. Importe de licitación: sete millóns novecentos setenta e un mil seiscientos euros (7.971.600,00€). Valor estimado: vinte e tres millóns sete mil seiscientos euros (23.007.600,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor CG - 1.5, Brión - Noia. Treito I: p.q. 11+640-21+000, cun investimento estimado de vinte e nove millóns cento trinta e dous mil setecentos setenta e dous euros con cincuenta e catro céntimos (29.132.772,54 €).
- Acordo polo que se toma razón do concurso público de adxudicación de parcelas de solo residencial propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo no polígono 1 de San Paio de Navia (Vigo), con destino á construción de vivenda protexida.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos intracentro no Hospital Universitario Lucus Augusti e Hospital de Calde, centros pertencentes á Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos por un importe total de licitación de dezasete millóns cincocentos noventa mil douscentos vinte e dous euros con catorce céntimos (17.590.222,14 €) con IVE e un valor estimado de trinta e cinco millóns cento setenta e un mil cento vinte e cinco euros con oitenta e catro céntimos (35.171.125,84 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, por importe de cincocentos oitenta e catro mil douscentos trece euros (584.213,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas–Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto Estudo da resposta inmune da ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) fronte a factores ambientais. RIFA, para o período 2025-2027 por importe de douscentos trinta e un mil trescentos cinco euros (231.305,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o acordo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa polo que se establecen as condicións para a cesión gratuíta dun inmovible para a posta en funcionamento dun albergue de peregrinos en Carril-Vilagarcía de Arousa.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as convocatorias de subvencións de Augas de Galicia para o ano 2025.
- Informe sobre os traballos de planificación que está abordando Augas de Galicia en materia de xestión do risco de inundación.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrència competitiva das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as repercusións na Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia do retraso da actualización do importe das entregas a conta do sistema de financiamento autonómico.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as concesións das axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países para os investimentos e para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UNHAS 36.500 PERSOAS CON PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS RECIBIRÁN UN COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 218 EUROS DA XUNTA

- Destínase a esta axuda 8 millóns de euros
- Trátase dun pagamento único anual de 218 euros que se ingresa automaticamente nas contas bancarias dos beneficiarios, sen que teñan que solicitalo e sen necesidade de que fagan ningún trámite

A Xunta destina 8 millóns de euros a aboar o complemento autonómico ás persoas que perciben unha pensión non contributiva. Ao redor de 36.500 persoas recibirán unha axuda extraordinaria de 218 euros nun pagamento único anual que se ingresará de maneira automática nas súas contas bancarias neste primeiro trimestre do ano, sen necesidade de que o soliciten nin de que fagan ningún trámite. Os pensionistas deberán cumprir só dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina na data 1 de xaneiro de 2025.

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que concede de xeito ininterrompido desde o ano 2008 esta axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios gobernos rexionais os que deciden mantela. Ademais, mantense o adiantamento do pagamento, tal e como se fai desde 2023, xa que anteriormente estas axudas se ingresaban a finais de cada ano.

A finalidade deste complemento autonómico é mellorar a capacidade adquisitiva das persoas que o reciben. Está dirixido a persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas e as do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Tras ser aprobado esta mañá polo Consello da Xunta, o decreto para o pagamento desta achega publicárase no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A OFERTA TERMAL DA PROVINCIA DA CORUÑA COA REHABILITACIÓN DO BALNEARIO DE ARTEIXO

Turismo de Galicia e o Concello asinarán un convenio de colaboración para a modernización da Casa de Baños

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Arteixo para a rehabilitación da Casa de Baños do edificio do Balneario de Arteixo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea no marco dos fondos NextGeneration. O custo da actuación será de 2.867.409,62 €, dos cales a Xunta alcanzará 2 millóns de euros e o resto será financiado con fondos propios do Concello de Arteixo.

O obxecto do proxecto de rehabilitación e ampliación da Casa de Baños existente é a de dotar o Concello de Arteixo dunha edificación adecuada para o uso e desfrute das augas mineromedicinais existentes nesta zona.

A actuación que se realizarán permitirá, pois, a recuperación do balneario anterior, modernizando e ampliando a edificación existente e favorecendo a adaptación da Casa de Baños aos novos tempos con novos tratamentos e prestacións dirixidas ao uso cidadán.

Deste xeito, ponse en valor a oferta termal na provincia de A Coruña e en Galicia afianzando esta modalidade de turismo da Comunidade, tal e como recolle a aposta que fai o Goberno galego a través do Plan de turismo termal, que marca a folla de ruta da promoción do destino desde o seu potencial de saúde e benestar.

As obras de rehabilitación consistirán no baleirado do volume existente interiormente respectando o exterior, desde o máximo respecto á súa historia e patrimonio edificado. Ademais, ampliarase o edificio xa existente mediante a cubrición do patio exterior, de xeito que este se sumará para acoller unha piscina termal.

A edificación orixinaria data do ano 1760, en que se creou o Balneario con todos os seus elementos, incluída a actual Casa de Baños, que desde esta data sufriu multitude de modificacións ata chegar a actualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ACTUALIZA OS PROTOCOLOS PARA TOMAR MEDIDAS NO ÁMBITO EDUCATIVO E DEPORTIVO ANTE UNHA ALERTA METEOROLÓXICA

- Destaca que a principal novidade é o que se establecen unha serie de “criterios” para adoptar “diferentes decisións” en función do tipo e nivel de alerta decretado
- Ademais, salienta que Política Social pasa a formar parte das consellerías implicadas á hora de decidir sobre a suspensión de clases ou transporte escolar xunto a Presidencia, Educación e Medio Ambiente
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que obxectivo é “mellorar a coordinación” ante fenómenos climáticos adversos e lembra que ante unha emerxencia “a planificación é crucial”
- En caso de non coincidencia entre os partes meteorolóxicos da AEMET e MeteoGalicia, as medidas adaptaranse ao máis desfavorable deles

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello tomou hoxe razón “da actualización dos protocolos” da Administración autonómica para “tomar medidas no ámbito educativo e deportivo ante unha alerta meteorolóxica”. “É preciso a súa actualización e reformulación para garantir a súa eficacia”, indicou.

As decisións serán tomadas polos representantes das diferentes consellerías que forman parte da Comisión Escolar de Alertas e a Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas. Aos membros das consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes; de Medio Ambiente e Cambio Climático; de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional súmase agora, segundo explicou Rueda, a de Política Social e Igualdade, “da responsable da educación de 0 a 3 anos”.

Outras das principais novidades, tal e como explicou o presidente, é que “se establecen uns criterios para adoptar diferentes medidas en función do nivel de alerta” no que se atope a comunidade, un concello ou nunha zona concreta.

O obxectivo desta actualización, tal e como indicou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, “é mellorar a coordinación entre todos os organismos implicados na toma de decisións” -á hora de suspender as clases, as actividades no exterior ou o servizo de transporte escolar- cando hai previsión dun efecto climatolóxico adverso. “No caso das emerxencias a planificación e coordinación son cruciais”, salientou.

As accións que se determinen terán como base o parte de alerta emitido pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet) complementado co emitido polo Servizo Meteorolóxico Rexional (MeteoGalicia), advertindo dun fenómeno meteorolóxico adverso. Ordinariamente a emisión deste parte prodúcese ás 11.00 horas, aínda que se monitorizará a súa evolución por se correspondesen novas decisións. En caso de non coincidencia das previsións entre os partes, as medidas que se aplicarán adaptaranse ao máis desfavorable.

Ámbito educativo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cando a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reciba un boletín meteorolóxico da Aemet informando da previsión dunha situación de alerta de fenómeno meteorolóxico adverso que poida afectar a seguridade dos alumnos dos centros escolares ou ben a seguridade no transporte de escolares por estrada, convocará a Comisión Escolar de Alertas para a adopción de medidas eficaces de protección.

Están consideradas como situación de alerta de fenómeno meteorolóxico adverso que pode afectar a seguridade do alumnado nos centros ou do transporte escolar as alertas de nivel laranxa ou vermello. Tal e como explicou Calvo, por definición, as alertas de nivel amarelo non supoñen un risco para a poboación en xeral, sen prexuízo de que, atendendo á natureza do fenómeno, a Comisión, por instancia dalgún dos seus membros, poida acordar reunirse para os efectos de valorar a necesidade de adoptar medidas.

Criterios para a adopción de medidas

A principal novidade do protocolo é o establecemento de criterios para a adopción de medidas vencellados a cada nivel de alerta. No caso do nivel vermello procederá á suspensión da actividade docente nos centros, as actividades extraescolares e o transporte de escolares. Isto determina a non obrigatoriedade do profesorado de acudir ao centro.

A súa extensión poderá incluír a totalidade do ámbito territorial da Comunidade Autónoma ou concellos de determinadas zonas xeográficas de aviso incluídas no protocolo e coincidentes coas agrupacións de concellos determinadas por MeteoGalicia.

No que atinxe ao nivel laranxa, en función do rango do prognóstico, da tipoloxía do fenómeno e do ámbito temporal deste, segundo o acordado pola Comisión Escolar de Alertas poderanse suspender a actividade docente nos centros e as actividades extraescolares e, mesmo, o transporte de escolares.

Con carácter xeral, unha situación de alerta de nivel laranxa por chuva nunha hora ou en 12 horas implicará a suspensión das actividades escolares no exterior e por neve implicará a suspensión da actividade docente e o transporte de escolares.

As situacións de alerta de nivel laranxa por vento, con carácter xeral, implicará a suspensión das actividades escolares no exterior, e poderá chegar á suspensión da actividade docente e o transporte de escolares en función da valoración de factores como o da súa afectación no horario lectivo, o sostemento do fenómeno no tempo (como sucedeu recentemente na Mariña) e a concorrencia con outros fenómenos meteorolóxicos adversos.

No nivel amarelo, con carácter xeral, non se adoptarán medidas de suspensión de actividades ao aire libre, suspensión do transporte ou da actividade escolar. Non obstante, atendendo ao ámbito espacio-temporal do fenómeno e a súa tipoloxía, a Comisión Escolar de Alertas poderá propoñer as medidas que considere necesarias para garantir a seguridade do alumnado.

Adaptación ás circunstancias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En calquera dos niveis de alerta, se as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco detectado superior ao declarado, as persoas directoras poderán, coa comunicación previa á dirección territorial da consellería competente en educación, adoptar decisións de suspensión da actividade docente, incluíndo as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares.

Este filtro a través da dirección territorial para casos excepcionais supón tamén unha novidade como intermediación e apoio aos centros. Trátase de casos puntuais e acoutados como os que se poden producir en centros situados en zonas máis expostas ao vento e á chuvia ou cun acceso máis complexo en que se pode acumular xeo, por exemplo.

Ademais, as consellerías competentes en educación e mobilidade poderán decidir a exclusión de calquera das decisións aos centros situados no espazo urbano das sete grandes cidades cando as condicións do adverso declarado non afecten gravemente as condicións de circulación nas rúas integradas na trama urbana.

Comunicación das medidas

Calvo salientou que nestes casos, "a comunicación" das medidas a tomar "é algo fundamental" que tamén queda recollido nos novos protocolos. A suspensión das clases, como máxima limitación na actividade escolar, comunicárase "aos centros, aos docentes e ás familias do alumnado das zonas afectadas a través de Abalar, como xa se fixo recentemente por primeira vez e con éxito na Mariña". "Calquera outra decisión de menor intensidade será comunicada directamente aos centros", indicou, e a través do Portal Educativo. Achegarase acta da Comisión Escolar de Alertas que sinala as medidas adoptadas tanto por parte da consellería con competencias en educación como pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, no caso de escolas infantís, a todos os responsables dos centros educativos respectivos. A comunicación realizarase coa maior previsión posible, antes da 13.00 horas do día anterior ao inicio do evento se o parte así o permite ou en calquera outro momento de maneira extraordinaria.

A comunicación de suspensión do transporte será comunicada polas persoas responsables dos correspondentes contratos ou directamente pola Dirección Xeral de Mobilidade aos representantes de cada empresa ou unión temporal de empresas concesionaria ou contratista dos respectivos servizos de transporte, empregando os medios tecnolóxicos habilitados para tal fin.

Ámbito deportivo federado

O protocolo da Xunta para actuacións no ámbito deportivo federado ante alertas meteorolóxicas establece o proceso de toma de decisións que serán valoradas pola Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas. No caso dunha alerta vermella, toda a actividade deportiva federada e do Programa Xogade será suspendida. Se a alerta é laranxa, dependerá do fenómeno que a xere. Por vento ou choiva suspenderase a actividade deportiva federada e do Programa Xogade no exterior. Unha alerta laranxa por neve implicará a suspensión de todas estas actividades e se é por fenómenos costeiros implicará tamén a suspensión no mar. No caso dunha alerta laranxa por baixas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

temperaturas non implicará suspensión e por onda de calor tampouco, agás decisión da Comisión segundo a intensidade do episodio. Se o nivel da alerta é amarelo, non se suspenderá a actividade deportiva.

A comunicación de suspensión da actividade deportiva será realizada mediante medios electrónicos e a través das redes sociais pola Secretaría Xeral para o Deporte coa maior previsión posible, por norma xeral, antes da 13.00 horas do día anterior ao inicio do evento se o parte así o permite ou en calquera outro momento de maneira extraordinaria. Os destinatarios das comunicacións serán a Unión de Federacións Deportivas Galegas (Ufedega), as federacións deportivas de Galicia, as agrupacións deportivas escolares afectadas, así como as instalacións deportivas dependentes da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA QUE FIXARÁ AS PRIORIDADES ATA 2029 NO ÁMBITO DA ACCIÓN EXTERIOR GALEGA

- O Consello aprobou hoxe a Estratexia galega de acción exterior 2025-2029 para afianzar o vieiro iniciado en 2018 co anterior documento con que Galicia foi comunidade pioneira en dotarse desta folla de ruta
- Nace como ferramenta de país para avaliar o influxo exterior e aproveitar as oportunidades da internacionalización e das economías abertas

O Consello da Xunta deulle o visto e prace hoxe á aprobación definitiva da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) 2025-2029 tras culminar o trámite parlamentario para a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta. O documento permitiralle a Galicia afianzar o vieiro iniciado coa anterior, coa cal a comunidade foi pioneira, e avanzar así no seu posicionamento e nas relacións no marco internacional. A iniciativa artéllase consonte a Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (Lacex) como referencia.

A Egaex preséntase como documento de país que nace como ferramenta para avaliar o influxo exterior e para aproveitar as oportunidades da internacionalización e das economías abertas. Nesta liña, o texto aborda os ámbitos de acción exterior con especial atención á economía debido ao actual contexto que exige a busca de novos mercados para a exportación, novas alianzas entre empresas e o investimento exterior directo.

Así, no eido macroeconómico, delimitado polo Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e os obxectivos da Lacex na materia, apóstase pola xestión dos fondos europeos a prol de Galicia, a diversificación de mercados, a captación de capital para investimento produtivo e a atracción de capital humano co obxectivo de aproximar Galicia ao produto interior bruto e aos estándares socioeconómicos, demográficos, de calidade de vida ou ambientais da zona euro da Unión Europea. Canto á vertente microeconómica, a estratexia avoga pola maior integración no mercado interior seguindo as prácticas europeas.

Destácase, ademais, o peso do turismo e o seu potencial para competir no mercado internacional ou o sector primario que representa o selo-país verde que Galicia quere proxectar no exterior. En concreto, dentro do sector primario, destaca a importancia de traballar por un sector pesqueiro que abranza toda a cadea mar-industria e que sexa competitivo debido ao seu o impacto na economía costeira europea.

O reto demográfico é outro dos eixes transversais do texto ante a necesidade de que Galicia prosiga coas políticas para a atracción de xente nova que se radique na comunidade, xa sexa a través das universidades ou da Formación Profesional como da atracción do talento investigador ou de novos investidores, especialmente nas áreas máis despoboadas. A internacionalización xa é un dos obxectivos do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 e, nesta liña, a estratexia avoga por aumentar os esforzos por captar alumnado iberoamericano e da lusofonía ou incentivar a presenza de alumnado estranxeiro en graos e mestrados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, a cultura, a educación e as universidades son tamén piares de acción exterior, en que se aposta por tecer alianzas coa lusofonía. A isto engádese o eixe da galegitude e a poboación, en liña coa estratexia Retorna 2023-26 como pilar, e no cal se salienta o Estatuto de investidor da diáspora para a captación de talento e de investimento produtivo a prol das áreas xeográficas máis avellentadas.

Con respecto á cooperación para o desenvolvemento, concibida como pilar básico da acción exterior, a Egaex toma como marco a lei galega na materia e o actual Plan director da cooperación galega vixente ata 2026.

Relación coa lusofonía, a UE e no eido extracomunitario

A Egaex afonda nas relacións con Portugal e coa lusofonía, tendo en conta a especial importancia que ten para Galicia e as oportunidades que supón unha aproximación máis intensa aos países de lingua portuguesa aproveitando a proximidade lingüística do galego. No caso do noso país veciño, sitúase como referencia a Estratexia común desenvolvemento transfronteirizo aprobada en 2020 e destácase o labor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal a prol da consolidación da Eurorrexión. Pola súa banda, o achegamento á lusofonía toma como marco a coñecida como Lei Paz Andrade.

Xa en relación coas políticas europeas, a Egaex aposta polo reforzo das ferramentas para influír na esfera da Unión Europea e no recoñecemento dunha verdadeira Europa das rexións, así como polo apoio ás empresas nas relacións comerciais co Reino Unido e á cidadanía galega asentada en países extracomunitarios como Suíza e Noruega, ademais de no propio Reino Unido. Neste senso, a Xunta mantén o compromiso na captación de fondos e na preparación de proxectos que consoliden Galicia como unha comunidade cunha economía máis competitiva e unha sociedade máis igualitaria.

No caso de Iberoamérica, dado os nexos afectivos, culturais e históricos, avógase por afondar nas relacións humanas e educativas, aproveitando tamén as potencialidades económicas e comerciais, con especial mención a Brasil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA NESTE ANO 9,8M€ A ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO

- O Consello aprobou o Plan anual 2025 da cooperación galega para o desenvolvemento, enmarcado no V Plan director da cooperación galega 2023-2026'
- O texto prevé novas convocatorias de axudas para proxectos, así como darlles continuidade aos compromisos adquiridos o ano pasado
- A cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria no exterior, educación para o desenvolvemento e a investigación centran as diversas liñas de actuación

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se aproba o Plan anual 2025 da cooperación galega para o desenvolvemento, dotado con 9,8 millóns de euros, un 10 % máis que o ano pasado, e que xa foi obxecto de informe favorable por parte Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na xuntanza do pasado día 11. A través deste instrumento, o Goberno galego establece a programación operativa da cooperación galega en función das prioridades xeográficas e sectoriais e dos resultados previstos no V Plan director da cooperación galega 2023-2026.

Así, prevense novas convocatorias de axudas que son xa sinais de identidade da cooperación galega. Trátase, por exemplo, das subvencións plurianuais para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación, cunha dotación de 6 millóns de euros para o período 2025-2026, dos que 2,1 millóns se reservan para este 2025. Ademais, as subvencións plurianuais para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, contarán con 720.000 euros na nova orde, dos cales 288.000 euros corresponden a este 2025.

Tamén será bianual como as anteriores a orde de axudas para proxectos e creación de grupos de investigación para o desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos, cun montante de 200.000 euros, con 100.000 euros destinados para 2025 e a mesma contía para 2026.

Por outra parte, publicarase a convocatoria anual de subvencións para proxectos anuais de acción humanitaria, cunha dotación de 550.000 euros, así como a orde de axudas para microproxectos de cooperación no exterior, que estará dotada con 150.000 euros, é dicir, un 66,6 % máis que a publicada no 2024.

Como novidade, prevese publicar unha a nova convocatoria plurianual a tres anos de axudas a programas de cooperación no exterior dirixidas a ONGD, que contará cunha dotación de 1,8 millóns de euros, dos cales 540.000 euros se reservan para este exercicio.

No que se refire á formación, publicaranse seis novas bolsas para persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento ás cales se destinarán 32.200 euros neste exercicio, no marco dun orzamento global de 104.600 euros ata 2026, ademais do pagamentos correspondentes á Seguridade Social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste 2025 manterase a liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia co obxectivo de dar resposta por parte da Xunta cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria. Nesta liña, está prevista a sinatura de convenios coas ONGD Farmamundi (50.000 euros) e a Asociación Solidariedade Galega con Pobo Saharauí (Sogaps) (100.000 euros), así como cos comités españois das axencias das Nacións Unidas, ACNUR, UNRWA e Unicef entre outras organizacións (150.000 euros en total), e prevese recibir fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para financiar proxectos de acción humanitaria.

No ámbito da educación para o desenvolvemento e do fortalecemento do sistema galego de cooperación, o plan recolle a sinatura de convenios con organizacións como a Coordinadora Galega de ONGD (110.000 euros); o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (60.000 euros); ou as ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz, para dar continuidade ao programa que se enmarca no Plan Proxecta: activistas polo mundo que queremos, cunha dotación prevista de 70.000 euros (30.000 euros en 2025 e 40.000 en 2026).

Por outra banda, apoiarase un ano máis o fortalecemento de capacidades técnicas na xestión dos recursos hídricos en Mozambique, a través dun acordo con Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, con case 332.600 euros, dos cales 125.000 euros serán achegados neste ano, e seguirase realizando cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura coa Fundación Cetmar.

Compromisos de 2024

Ademais destas novas accións, daráselles cobertura aos compromisos adquiridos en 2024, como os 31 proxectos no exterior dos axentes de cooperación, 17 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e seis bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional. A eles engádenselles os convenios con distintas entidades para a mellora de recursos hídricos e da seguridade alimentaria en Mozambique; para o desenvolvemento do proxecto Activistas polo mundo que queremos, enmarcado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; para a consolidación do I Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030 no marco da colaboración coas tres universidades galegas; e para a colaboración con AECID e a cooperación descentralizada co obxectivo de actuar de maneira conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria.

A través das medidas incluídas no Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento, o Goberno galego avanza nos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais ou loitar contra o cambio climático, tal e como establece V Plan director da cooperación galega 2023-2026, que tamén alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os seus ODS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA OBRAS DE MELLORA NA RESIDENCIA DE MAIORES VOLTA DE CASTRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA E PARA A CREACIÓN DO PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR EN CERVO

O investimento nestas dúas actuacións é de case 440.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación este mesmo mes de febreiro de dúas obras, unha para a realización de melloras na residencia de maiores Volta do Castro en Santiago de Compostela e a outra para a creación dun punto de encontro familiar (PEF) en Cervo (Lugo). O investimento nestas dúas actuacións é de case 440.000 euros procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) da Unión Europea.

No que respecta á residencia de maiores Volta do Castro, a actuación consistirá na renovación das tubaxes de auga quente sanitaria. O orzamento base de licitación é de 203.384,88 euros e o prazo de execución previsto é de catro meses. Os traballos requirirán dunha planificación coa dirección do centro para afectar o menos posible o seu funcionamento, dado que as actuacións se levarán a cabo en zonas ocupadas e de uso continuo.

En canto á creación do punto de encontro familiar en Cervo, acondicionarase a planta baixa dun inmovible. O importe base de licitación é de 234.650,69 euros e o prazo de execución previsto é de seis meses. Os PEF son servizos públicos en que profesionais especializados garanten un réxime de visitas seguro naqueles casos de separación conflitiva entre os proxenitores, velan pola protección e benestar dos menores, fan un seguimento individualizado de cada situación, traballan coas familias na resolución de conflitos e alertan os servizos de menores da Xunta no caso de identificar posibles casos de desprotección.

Galicia conta na actualidade con oito PEF, situados un en cada cidade máis outro en Ribeira para toda a comarca da Barbanza. A Xunta está ampliando esta rede con tres novos puntos: este de Cervo, que dará servizo á zona da Mariña, outro en Lalín para a comarca do Deza e un terceiro en Verín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ALZHEÍMER PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS CON ESTA DOENZA E DOS SEUS FAMILIARES

Destínanse 89.250 euros a promover actuacións que desenvolva a federación ao longo deste ano 2025

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal) por un importe de 89.250 euros. O obxectivo é dar continuidade durante este ano 2025 ao financiamento dos programas que leva a cabo esta federación destinadas a mellorar a atención a persoas que teñen esta doenza e aos seus familiares.

En concreto, a través deste acordo, o Goberno galego sufraga diferentes iniciativas de Fagal, tales como: programas de apoio e formación a familiares, campañas de sensibilización ou xornadas interdisciplinarias e divulgativas sobre intervención en demencias, prevención e envellecemento activo. A previsión é beneficiar a unhas 7.200 persoas con este convenio.

Ademais do apoio ás entidades sociais que traballan no ámbito do alzhéimer, nos últimos anos o Executivo autonómico consolidou unha rede de prazas públicas en centros especializados na atención a esta doenza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A XESTIÓN DA NOVA RESIDENCIA PÚBLICA DA CORUÑA, QUE OFERTARÁ 150 PRAZAS PARA PERSOAS MAIORES CON DEPENDENCIA

- O contrato inicial será por dous anos prorrogables ata unha duración máxima de cinco e licítase por 7,9 millóns de euros. O valor estimado do contrato é de 23 millóns de euros se temos en conta as posibles prórrogas
- O centro disporá de unidades especializadas na atención ao alzhéimer e servizos específicos de rehabilitación, fisioterapia ou podoloxía, entre outros

O Executivo autonómico iniciou hoxe os trámites para contratar o servizo de atención residencial a persoas maiores con dependencia na nova residencia pública da Xunta na Coruña, situada no barrio de Eirís. Este centro residencial, que financia, constrúe e equipa a Fundación Amancio Ortega, pasará a formar parte da rede pública autonómica unha vez que estea totalmente rematada.

A entrada en servizo desta residencia, unha das sete que impulsa a devandita fundación nas principais cidades galegas, porá á disposición das familias 150 novas prazas públicas. Esta residencia e a de Pontevedra, cuxa xestión tamén está en licitación, serán as seguintes en abrir as súas portas tras a de Santiago de Compostela e a de Lugo, que xa están a pleno rendemento.

A duración inicial do contrato será de dous anos e abarcará desde a data da súa sinatura, prevista para xuño deste ano ata maio de 2027, e é prorrogable ata unha duración máxima de cinco anos. O orzamento base de licitación é de 7,9 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas, é de 23 millóns de euros.

A residencia de maiores do barrio coruñés de Eirís, ao igual que as outras seis que promove a Fundación Amancio Ortega, disporá dunhas instalacións punteiras que inclúen unha unidade especializada nos coidados a persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, así como servizos específicos de rehabilitación, fisioterapia ou podoloxía, entre outros.

Tras este acordo do Consello, publicarase o anuncio de licitación na plataforma de contratos públicos de Galicia e no *Diario Oficial de la Unión Europea*, e concederase un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DA 1ª FASE DA CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DA VÍA DE ALTAS PRESTACIÓNS BRIÓN-NOIA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 29 M€

- Trátase de avanzar no desdoblamento do tramo de 9,66 km, desde o remate da autovía Santiago-Brión ata o inicio do tramo Martelo-Noia, actuando no 60 % da lonxitude da vía de altas prestacións VG-1.5
- Cada calzada disporá de dous carrís de 3,5 metros, que darán continuidade ás características da vía no tramo Santiago-Brión, e realizaranse modificacións na conexión coa autovía Santiago-Noia para adaptar o trazado existente á nova autovía
- Nas obras de construción desta vía xa se executaron a maior parte das obras de paso, que inclúen a plataforma final con sección de autovía, e incluíronse nesta actuación as estruturas dun paso inferior no punto 11+945 e do viaduto de Naveira
- A previsión é licitar as obras do subtreito Brión-enlace de Urdilde ao longo deste mesmo ano
- O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado da primeira fase de conversión en autovía da vía de altas prestacións (VAP) Brión-Noia.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación superará os 29 M€ en que se inclúe o pagamento dos 11 predios necesarios para executar o treito de 9,66 km de lonxitude da vía, que se inicia no final da autovía AG-56, Santiago-Brión, e finaliza no tramo Martelo-Noia. Esta primeira fase de conversión en autovía supón o 60 % da lonxitude de 18,2 km da VAP Brión-Noia, aproximadamente.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención.

En concreto, o proxecto que vén de ser aprobado hoxe ten por obxectivo converter en autovía o treito comprendido entre os quilómetros 11+640 e 21+300, realizándose o desdoblamento para a autovía cara ao lado esquerdo da vía de altas prestacións CG-1.5, polo que se manterá a estrutura actual ao situarse no lado contrario do carril lento. Isto favorecerá que se poida manter a funcionalidade durante o transcurso das obras.

Cómpre lembrar que durante a realización das obras desta vía en calzada única xa se tivo en conta a futura conversión en autovía, cun trazado axeitado. Para iso na execución da VAP Brión-Noia realizáronse os movementos de terras principais da obra e os pasos superiores e inferiores, que non é necesario ampliar salvo no caso do paso inferior situado no quilómetro 11+990.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, a estrada proxectada polo Departamento de Infraestruturas da Xunta no desdoblamento será para cada calzada de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 2,5 metros exterior e 1 metro interior, e disporá de mediana de 3 metros entre bordos de beiravía das plataformas contiguas, dándolles continuidade ás características da autovía no tramo Santiago-Brión.

No marco das obras que se acometerán realizaranse algunhas modificacións na conexión coa autovía Santiago-Noia (AG-56), co obxecto de adaptar o trazado existente á nova autovía. Unha das modificacións consistirá na reconstrución dos noiros do desmonte na marxe esquerda en dirección Noia, para obter o ancho necesario para a nova sección.

Actualmente o treito obxecto do proxecto de trazado da VAP Brión-Noia conta con dous enlaces a distinto nivel, Urdilde e Martelo, e cun ramal de incorporación a nivel en Gundín, sentido Santiago. Os dous enlaces conservaranse, sendo obxecto do desdoblamento a execución definitiva dos ramais da calzada para desdobrar, pero o ramal de Gundín desaparecerá coa ampliación da calzada pola imposibilidade física de conservalo co desdoblamento da vía.

Así, os enlaces deste novo treito de autovía estarán en Urdilde, no punto quilométrico 15+400, a 3,4 quilómetros do anterior enlace en Brión, e en Martelo, no punto quilométrico 18+930, a 3,53 quilómetros do anterior enlace.

No caso do viaduto de Naveira, propónse unha ponte xemelga á existente, coa peculiaridade de que os pilotes de 1 metro de diámetro dos estribos xa están executados. O viaduto terá 7 vans de 40 metros de luz entre eixes de pilas. Estas serán fustes octogonais ocos. O taboleiro terá unha anchura de 11,50 metros.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras do subtreito Brión-enlace de Urdilde ao longo deste ano. O prazo para acometer esta obra é de 18 meses.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SACARÁ A CONCURSO 82 PARCELAS DO POLÍGONO 1 DE SAN PAIO DE NAVIA PARA QUE PROMOTORES E COOPERATIVAS CONSTRÚAN 153 VIVENDAS PROTEXIDAS

- As parcelas adxudicaranse preferentemente en forma de dereito de superficie, pero tamén poderá ser compravenda
- As vivendas serán todas protexidas, preferentemente para alugueiro
- No caso de adxudicación do solo en dereito de superficie, a concesión será por 75 anos

A Xunta de Galicia pon á disposición dos promotores e cooperativas un total de 82 parcelas de solo residencial urbanizado, destinadas á construción de 153 vivendas protexidas, no polígono 1 de San Paio de Navia, en Vigo. O concurso inclúe unicamente parcelas do polígono 1, cuxas obras de urbanización están moi avanzadas e remataranse na próxima primavera.

O Consello da Xunta foi informado da próxima convocatoria do concurso público polo que se adxudicarán as ditas parcelas. O prego deste concurso estará listo este mesmo mes.

O solo deberá ser destinado á construción de vivenda protexida destinada a alugueiro ou a compravenda. Terán preferencia as ofertas destinadas á construción de vivendas en alugueiro e a adxudicación en dereito de superficie, así como as vivendas que vaia ter un prezo de renda ou venda máis reducido (réxime especial).

En función dos ditos criterios, a preferencia para a adxudicación das parcelas será a seguinte:

PREFERENCIA	TIPOLOXÍA E DESTINO	FORMA ADXUDICACIÓN
1º	Réxime especial. Alugueiro	Dereito de superficie
2º	Réxime xeral. Alugueiro	Dereito de superficie
3º	Réxime especial. Alugueiro	Compra
4º	Réxime xeral. Alugueiro	Compra
5º	Réxime especial. Venda	Compra
6º	Réxime xeral. Venda	Compra
7º	Réxime concertado. Alugueiro	Dereito de superficie
8º	Réxime concertado. Alugueiro	Compra
9º	Réxime concertado. Venda	Compra

No caso de adxudicación do solo en dereito de superficie, a concesión será por 75 anos. A Xunta de Galicia conservará a propiedade do solo e os adxudicatarios satisfacerán por el un canon anual moi reducido.

Ao remate do período de concesión, o solo volverá a dominio da Xunta de Galicia, xunto coas vivendas construídas nel, que pasarán a formar parte do parque público de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

755 VPP en execución

Actualmente a Xunta de Galicia ten 755 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución nos polígonos 1 e 2 de San Paio de Navia, ademais de estar executando as obras de urbanización do polígono 1 e ter licitadas as obras de urbanización do polígono 2, que se prevé iniciar no mes de marzo próximo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 17,6 M€ A CONTRATACIÓN DO NOVO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI E DO HOSPITAL DE CALDE

- Incrementábase o orzamento nun 28,8 % como consecuencia das melloras salariais e do aumento de persoal, ao incluír a nova licitación novos espazos e aplicar a redución da xornada a 35 horas semanais, acordada no Servizo Galego de Saúde
- Unifícase nun único contrato a limpeza dos interiores do centro con zonas exteriores, como o heliporto e o aparcadoiro de persoal do HULA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos intracentro do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e do Hospital de Calde cun orzamento base de licitación de 17.590.222,14 euros durante dous anos.

O novo contrato prevé un incremento dun 28,8 % con respecto á licitación anterior motivado, entre outros factores, polo aumento das retribucións do persoal e o incremento por carreira profesional e antigüidade correspondente ao novo período. Ademais, aumenta o número de profesionais para cumprir coa redución da xornada laboral a 35 horas semanais como todo o persoal do Servizo Galego de Saúde e tamén se amplía o persoal polo aumento de zonas que se deberán limpar.

A Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por eficiencia, inclúe neste contrato a limpeza de zonas exteriores que ata o de agora se realizaba de forma independente.

Polo tanto, os pregos engloban a limpeza da zona do heliporto e o aparcadoiro de persoal do HULA, ademais de borrado de posibles grafitis e retirada de carteis non autorizados.

Ademais, mantense a limpeza interior dos hospitais cos procedementos que se deben para garantir a calidade e a especialización que require este traballo, en liña coa importancia do propio proceso asistencial que se leva a cabo nos centros sanitarios.

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta recolle a posibilidade de ser prorrogado por dous anos máis, elevándose neste caso o orzamento estimado a 35,1 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REFORZA A APOSTA POLO DIÁLOGO SOCIAL E A NEGOCIACIÓN COLECTIVA CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PLANS DE FORMACIÓN NESTE ÁMBITO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe que na convocatoria de 2025, que publicará proximamente o *Diario Oficial de Galicia* por preto de 600.000 euros, se poidan realizar aos beneficiarios anticipos do 100 % destas axudas para facilitar a súa actividade
- Con elas apóianse entidades sindicais e empresariais na realización de accións formativas sobre plans de igualdade, fenda salarial, conciliación, prevención do acoso, protección de datos ou responsabilidade social empresarial, entre outras materias
- Tamén son obxecto de financiamento encontros internacionais que contén con expertos doutras nacionalidades para ter un intercambio de información sobre o diálogo social e a negociación colectiva en distintos países
- Esta iniciativa enmárcase no compromiso de Galicia co diálogo social, ámbito en que o Goberno galego traballa nun borrador de decreto presentado hai uns días á Mesa do Diálogo Social e que busca impulsar esta ferramenta clave para o progreso económico

A Xunta de Galicia reforzará a aposta polo diálogo social e a negociación colectiva cunha nova convocatoria de axudas para plans de formación neste ámbito que se publicará en vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* por valor de case 600.000 euros. Para esta edición, o Consello da Xunta autorizou hoxe que se poidan realizar anticipos do 100 % destas achegas ás entidades ás cales se lles concedan co fin de facilitar a súa actividade.

Estes apoios contribúen a mellorar a preparación de persoal de sindicatos e entidades empresariais en materia de diálogo social e negociación colectiva e apoian estas entidades na realización de accións formativas sobre plans de igualdade, fenda salarial, conciliación, prevención do acoso, protección de datos, responsabilidade social empresarial ou linguaxe non sexista, entre outras materias.

Con eles, os beneficiarios poderán obter tamén financiamento para realizar ademais encontros internacionais que contén con expertos doutras nacionalidades para ter un intercambio de información sobre o diálogo social e a negociación colectiva en distintos países. Tamén para paneis, foros e obradoiros de expertos sobre boas prácticas nesta materia nos distintos sectores.

Pulo á Mesa de Diálogo Social

Esta iniciativa enmárcase no compromiso da Xunta co Diálogo Social e a negociación colectiva, ámbito en que o Goberno galego está a impulsar a colaboración con axentes sociais para seguir avanzando en cuestións fundamentais e retos que afectan o mercado laboral. Mostra disto é a reunión da mesa de diálogo social mantida hai uns días con representantes da Xunta, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nese encontro abordáronse cuestións como o borrador do decreto a través do cal a Administración galega busca institucionalizar o diálogo social en Galicia e presentouse o informe técnico realizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a de Vigo sobre o absentismo laboral en Galicia, entre outros aspectos.

Co borrador de decreto presentado neste encontro, búscase converter a Mesa do Diálogo Social nunha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento do progreso económico e a cohesión social de Galicia. Neste sentido, a futura norma en que traballa o Goberno galego establecerá a composición, a organización e o funcionamento desta Mesa de Diálogo Social, dándolle pulo e avanzando no plan de traballo que precisamente se adaptou para dotalo de maior transversalidade e adecuación ás novas realidades laborais.

Ademais, o Executivo autonómico colabora coas distintas entidades empresariais e sindicais con outros apoios como as ordes de axudas ao funcionamento de gabinetes técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial e as destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 231.000 EUROS A INVESTIGAR AS CAUSAS DA MORTALDADE DA AMEIXA RUBIA, CO FIN DE GARANTIR A SUPERVIVENCIA DESTA BIVALVO

- A Consellería do Mar e o CSIC estudarán os parámetros ambientais máis influíntes na produción e, deste modo, optimizar as condicións de colleita, identificando a presenza de patóxenos e a resposta do sistema inmune desta especie a nivel celular e molecular
- O estudo, co que tamén colabora a Confraría de Pescadores de Cangas, busca conseguir as cifras necesarias que require o sector para abastecer á sociedade deste produto tan demandado
- A produción de ameixa rubia en Galicia sufriu un descenso nos dous últimos anos, situándose nas 306.000 quilogramos, que acadaron un valor de 4,9 millóns de euros

O Consello da Xunta deu conta do acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consejo Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto “Estudo da resposta inmune da ameixa rubia fronte a factores ambientais. RIFA”, para o período 2025-2027 por importe de 231.305 euros. Con esta iniciativa, preténdese axudar a mellorar a súa produción, conseguindo as cifras necesarias que require o sector para abastecer á sociedade deste produto tan altamente demandado. Está financiado nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) no marco de REDEMAR.

Deste xeito, o obxectivo desta análise é profundar na investigación da resposta inmune da ameixa rubia fronte a estresadores ambientais para coñecer aqueles parámetros ambientais máis influíntes na súa supervivencia e, deste modo, poder optimizar as condicións de colleita desta especie. Neste senso, para poder conseguir estes retos establécense os seguintes parámetros, que se realizarán en colaboración coa Confraría de Pescadores de Cangas: coñecer a taxa de supervivencia da ameixa rubia a diferentes variables ambientais; identificar a posible presenza de patóxenos; determinar a capacidade de resposta do sistema inmune a nivel celular e molecular destes animais en cada un dos escenarios ambientais estudados; e identificar os posibles biomarcadores indicadores de estrés.

Busca de solucións

A produción de ameixa rubia en Galicia nos últimos dous anos (2023-2024) situouse nas 306.384 quilogramos, o que supuxo un volume de negocio de 4,9 millóns de euros; unhas cantidades sensiblemente inferiores a anualidades anteriores, a pesares de ser unha das especies máis importantes en canto a capturas e ingresos. En 2023 supuxo o 43% do total dos bancos de marisqueo a flote. Por tanto, este acordo permite facer fronte a un dos principais desafíos que afronta o sector marisqueiro, identificando as causas do descenso da produción e aplicando solucións biotecnolóxicas. A este respecto, súmase a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións concretas

O acordo inclúe actuacións concretas. É o caso da análise dos datos rexistrados pola Confraría sobre produción e recollida de ameixa rubia, que axudarán a valorar as zonas máis susceptibles e que reportan unha menor supervivencia dos individuos para tratar de coñecer os factores medioambientais que poidan estar afectando. En segundo lugar, levarase a cab a mostraxe de individuos procedentes de poboacións naturais e mantemento nas instalacións do CSIC-IIM. Un total de 720 adultos e 120 xuvenís serán recollidos de cada un dos bancos marisqueiros da Ría de Vigo.

Asemade, procederase á avaliación da supervivencia e resistencia dos animais a diferentes variables ambientais: temperatura, salinidade, contaminantes e patóxenos, así como á determinación da presenza de microorganismos ou lesións tisulares e á resposta inmune molecular e celular das ameixas en cada un dos escenarios descritos para mediar a produción de radicais de nitróxeno na hemolinfa, a capacidade fagocítica das ameixas, a determinación das poboacións hemocitarias da ameixa rubia e a avaliación da expresión de xenes implicados no estrés oxidativo e en resposta inmune. Finalmente, os resultados serán transferidos tanto á comunidade científica como ao sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA XESTIONARÁ NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA O PRIMEIRO ALBERGUE DA REDE PÚBLICA DO XACOBEO NA RUTA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe do acordo de cesión de uso por un período de 30 anos deste inmovible que sumará 30 novas prazas á rede

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe do acordo de cesión de uso polo Concello de Vilagarcía de Arousa a Turismo de Galicia do inmovible que se converterá no primeiro albergue da Rede pública de albergues do Xacobeo na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla. Situado na rúa Santiago de Carril, número 24, coa súa incorporación, a Rede pública de albergues do Xacobeo sumará 78 centros nas diferentes rutas e 30 novas prazas.

A cesión faise libre de cargas e gravames por un período de 30 anos contados desde o día seguinte ao da súa sinatura. O novo albergue é o primeiro situado na Ruta Marítimo Fluvial do Mar de Arousa e Río Ulla que conmemora a lenda da Traslatio dos restos do Apóstolo depositados nas inmediacións de Iria Flavia.

A edificación existente ten a súa orixe nun proxecto de ampliación do Centro Sociocultural de Carril elaborado polo arquitecto Carlos Berride Ferreira no ano 2006. O Concello decidiu converter esta edificación nun albergue de peregrinos para o que encargou un proxecto de reforma en que se toma como punto de partida a estrutura e volume construído. O edificio inclúe a recepción de peregrinos, para o que se construíra a cabina de albergueiro, a zona de lavandaría e un acceso restrinxido a un local de instalacións. Xunto á recepción sitúase un ascensor e as escaleiras de acceso aos andares superiores.

O albergue tamén ten unha cociña-comedor accesible e tres dormitorios, dous deles con tres liteiras cada un, e o terceiro con dúas liteiras e unha cama para persoas con mobilidade reducida, así como dous corpos completos de baños. Na planta segunda sitúase unha sala de descanso e dous dormitorios cada un deles con tres liteiras.

A Xunta asumirá a xestión do albergue, incluíndo a instalación do mobiliario, a contratación do persoal e a administración diaria do centro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 8,5 M€ A AXUDAR A CONCELLOS, PARTICULARES E COMUNIDADES VECIÑAIS A MELLORAR OS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO E DE SANEAMENTO

- O Consello toma razón dun informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre as nove ordes de subvención que convocará entre febreiro e abril para avanzar na estratexia galega de profesionalización da xestión do ciclo da auga
- Como novidade, apoiaranse as entidades locais para redactar plans municipais de abastecemento autónomo e, por primeira vez, haberá achegas para fomentar a instalación de fosas sépticas en vivendas unifamiliares ou en núcleos rurais illados
- As entidades locais que xa auditaran as súas redes poderán pedir ata 45.000 € para executar obras que reduzan as infiltracións ou que minimicen as perdas e as que non o fixeran aínda terán acceso a achegas de como máximo de 15.000 € para encargar análises do funcionamento dos seus sistemas de depuración ou de traída de augas
- Para completar este tipo de actuacións, a Xunta volverá apostar pola educación ambiental a través dunha orde de subvencións dirixida a entidades sen ánimo de lucro con proxectos que incidan no coidado e na conservación dos recursos hídricos
- No período 2019-2024, o organismo de bacía autonómico xa destinou máis de 15 millóns de euros a financiar obras, auditorías e estudos a nivel municipal para mellorar os sistemas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia

A Xunta destinará un orzamento de 8,5 millóns de euros a convocar diferentes liñas de apoio co obxectivo común de mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento e de saneamento de augas en Galicia e ofrecer un mellor servizo á cidadanía neste eido. En total, serán nove ordes de axudas con convocatoria prevista entre os meses de febreiro e abril e que irán dirixidas maioritariamente a concellos pero tamén a comunidades de traídas veciñais e mesmo nalgún caso a propietarios particulares.

Así se recolle no informe do cal tomou razón hoxe o Consello da Xunta e no cal se dá conta de todas as liñas de apoio que convocará este ano Augas de Galicia para seguir avanzando na súa estratexia de profesionalización da xestión dos recursos hídricos.

En concreto e como principais novidades, cómpre subliñar que este ano se ofrecerán axudas económicas aos concellos para abordar a redacción de plans municipais de abastecemento autónomo. Cun orzamento inicial de 1 millón de euros para 2025 e 2026, a subvención poderá cubrir ata o 80 % do investimento, cun límite de 150.000 euros.

Tamén será a primeira vez que Augas de Galicia convoque incentivos por case 1,2 millóns de euros para fomentar o emprego de sistemas de depuración autónomos. Por un lado, haberá axudas a particulares para a instalación de fosas sépticas en vivendas unifamiliares (ata 4.000 euros por solicitude) e tamén se convocará unha segunda liña dirixida a instalar este mesmo tipo de sistemas de saneamento en núcleos rurais illados (con achegas de entre 5.000 e 15.000 euros dependendo do tamaño da poboación).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais destas tres ordes novas, o organismo hidráulico volverá apostar por liñas de apoio que nos últimos anos teñen demostrado a súa efectividade para acadar unha mellora dos sistemas de abastecementos e saneamento municipais.

É o caso dos incentivos económicos aos concellos para realizar auditorías nas súas redes de abastecemento (cun orzamento de 200.000 euros) e de saneamento (500.000 euros). Así, as entidades locais interesadas poderán optar a axudas de ata 15.000 euros para auditar os seus sistemas de traída municipais co fin de elaborar despois plans de actuación para minimizar as perdas de auga; e tamén terán acceso a incentivos de como máximo 15.000 euros para realizar un estudo do seu saneamento na busca de posibles infiltracións de augas sen depurar. Estas dúas ordes publícanse hoxe mesmo no DOG.

Así mesmo e para darlle continuidade ao traballo realizado nos concellos que xa contan cunha auditoría sobre o estado das súas redes de abastecemento, o organismo de conca convocará outro ano máis, por 2,5 millóns de euros, axudas para financiar obras que optimicen a súa rede de abastecemento e reduzan ao mínimo as perdas de auga. A contía máxima será de 45.000 euros e poderá cubrir o 100 % dos investimentos.

De igual xeito, as entidades locais con proxectos para mellorar o funcionamento da súa rede de saneamento tamén poderán acollerse a subvencións para executar obras que reduzan as infiltracións de augas brancas (augas limpas naturais que chegan por infiltración á rede e hai que depurar) e que, por conseguinte, incrementen a calidade e eficacia de todo o sistema. O orzamento desta orde, de carácter bianual, tamén ascende a 2,5 millóns de euros, cun importe máximo por achega de 45.000 euros.

Outra orde de subvencións que volverá convocar o organismo hidráulico en 2025 – concretamente sae publicada hoxe no *Diario Oficial de Galicia*– será a dirixida a apoiar as comunidades de usuarios que xestionan e se ocupan do mantemento das súas propias traídas de auga, unha boa solución para abastecer pequenos núcleos pero que normalmente teñen bastantes dificultades para proporcionar un servizo de calidade debido ao elevado custo das melloras e do mantemento deste tipo de instalacións.

Cun orzamento de 500.000 euros, Augas de Galicia cubrira ata o 80 % do custo das melloras nas instalacións de captación, tratamento e almacenamento da auga, así como nos sistemas de medición das traídas veciñais, cun límite de 15.000 euros por solicitude.

Por último e para completar este tipo de actuacións que poñen o foco nas infraestruturas hidráulicas, a Xunta apostará pola educación ambiental a través dunha orde de subvencións para entidades sen ánimo de lucro con proxectos e actividades que incidan no coidado e conservación dos recursos hídricos. Cun crédito inicialmente asignado de 200.000 euros, o obxectivo é mellorar o estado dos ecosistemas fluviais.

En total e tendo en conta o orzamento inicial co que se convocarán cada unha destas nove liñas de subvencións, Augas de Galicia estima que se poderán chegar a outorgar preto de 400 axudas a concellos, comunidades de traídas veciñais e particulares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O dobre de fondos que as axudas concedidas en 2024

O compromiso da Xunta co proceso de mellora dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración tradúcese desde hai anos nun esforzo continuo por apoiar as administracións locais e as comunidades de usuarios particulares na optimización dos sistemas de abastecemento e depuración que lles dan servizo.

Esta colaboración plasmasse no período 2019-2024 en máis de 15 millóns de euros canalizados a través de diferentes ordes de subvencións, cunha media de arredor de 125 axudas anuais concedidas e prestando sempre nas sucesivas convocatorias unha atención especial ás necesidades dos municipios máis pequenos e ao rural galego.

De feito, só o ano pasado se concederon 4,7 millóns de euros a concellos e comunidades de usuarios a través de catro liñas de axudas para obras de mellora en captacións, potabilizadoras, sistemas de almacenamento e medición das traídas veciñais; realización de auditorías nas redes de abastecemento e de saneamento municipais, e actuacións para reducir as perdas de auga mediante a eliminación de posibles fugas na rede.

Neste sentido, Augas de Galicia segue intensificando o seu apoio para mellorar a calidade dos servizos hidráulicos na Comunidade, como demostra a contía reservada ás nove liñas de axudas que convocará nas vindeiras semanas (máis de 8,5 millóns de euros) e que practicamente duplica os fondos distribuídos en 2024 a través de subvencións.

Aposta pola profesionalización

O esforzo realizado por Augas de Galicia para mellorar os sistemas de abastecemento e de saneamento nos últimos anos enmárcase na súa estratexia para a profesionalización da xestión dos recursos hídricos, tamén no eido municipal, e vai en liña cos obxectivos da Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario e da máis recente Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Como parte desa estratexia, o organismo autonómico impulsou diversas accións en todos os ámbitos relacionados co ciclo natural da auga e os seus usos como, por exemplo, a realización de exhaustivos diagnósticos sobre a situación dos sistemas de abastecemento e saneamento, o establecemento de plans de actuación para mellorar o escenario de partida e a súa execución, primando aquelas melloras que optimicen os resultados co menor custo para a cidadanía e as menores afeccións ambientais e sociais.

Neste contexto, a Xunta marcou a folla de ruta para acadar a renovación e actualización dos sistemas municipais de tratamento da auga, así como o fortalecemento das traídas veciñais—que adoitan ser a mellor solución para garantir a subministración a pequena escala—, polo que as axudas directas a entidades locais e a comunidades de usuarios de abastecemento resultan claves para acadar as melloras perseguidas.

A necesidade deste apoio económico por parte de Augas de Galicia resulta, se cabe, máis importante nunha comunidade como a galega, caracterizada por unha gran dispersión e que supera os 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos de toda España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta realidade territorial complexa e dispersa —derivada entre outras razóns da propia riqueza de Galicia en canto á cantidade e calidade das súas augas— é a que conformou uns sistemas de abastecemento e de depuración tamén difíciles de xestionar. Como mostra, cómpre subliñar que na comunidade hai máis de 5.000 captacións inventariadas, 929 potabilizadoras, 156 estacións depuradoras de gran capacidade e unha rede de saneamento integrada por máis de 25.000 quilómetros de colectores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO NOVO PLAN DE RISCO DE INUNDACIÓNS COA IDENTIFICACIÓN DE 566 KM VULNERABLES NOS RÍOS DE GALICIA-COSTA E A APOSTA POLAS PROXECCIÓNS CLIMÁTICAS PARA MELLORAR A PREDICIÓN DE EVENTOS EXTREMOS

- En total e unha vez finalizados os traballos de avaliación preliminar sobre o terreo, Augas de Galicia cataloga 172 áreas fluviais con potencial significativo de sufrir asolagamentos nesta demarcación hidrográfica, dúas máis que na análise anterior
- Por primeira vez aplicaranse variables climáticas na xestión deste tipo de eventos para ter en conta factores como a concentración cada vez maior das inundacións en inverno en lugar de en outono, o incremento de frecuencia con que se rexistran episodios extremos de chuvia ou a maior intensidade das precipitacións en Galicia
- Outra das novidades de cara ao período 2028-2033 é a incorporación de información sobre asolagamentos históricos, unha metodoloxía innovadora e que achegará datos clave para delimitar as zonas máis sensibles e prever futuros episodios deste tipo
- Augas de Galicia investirá 0,5 M€ no sistema de alerta temperá MERLIN para ampliar a súa capacidade de predición mediante a aplicación das novas tecnoloxías
- O 74 % das medidas previstas no Plan de xestión do risco de inundación (PXRI) 2021-2027 está en desenvolvemento ou xa totalmente executado

A Xunta avanza na elaboración do novo Plan para a xestión do risco de inundación na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa coa identificación de 565,7 quilómetros de ríos inundables en caso de eventuais episodios de chuvia intensa e crecidas e a toma de decisións que axuden a mellorar a súa capacidade de predición ante este tipo de fenómenos. Neste sentido, cómpre subliñar que, a partir de agora e por primeira vez, se terán en conta as proxeccións climáticas e os efectos do quecemento global como elementos clave para planificar accións e prepararse fronte a futuras inundacións.

O Consello tomou hoxe razón dun informe sobre os traballos de planificación que está abordando actualmente Augas de Galicia en materia de xestión do risco de inundación na bacía Galicia-Costa de cara ao período 2028-2033, así como das principais actuacións, investimentos e medidas executadas neste eido no marco do plan que segue vixente.

De feito, o organismo de bacía autonómico acaba de dar por rematada a fase de avaliación preliminar do risco de inundación nos ríos galegos que están baixo a súa titularidade e xestión. O resultado destes traballos permite concluír que en Galicia-Costa hai un total de 172 áreas con risco potencial significativo de inundación (Arpsis), unha catalogación imprescindible para saber cales son os puntos máis sensibles dentro desta bacía ante eventos de chuvia extremos ou eventuais episodios de asolagamento.

Deste xeito, incorpóranse dúas novas Arpsis con respecto á catalogación anterior —o rego dos Corrais, en Ferrol, e o río Serantes, en Oleiros— e tamén se amplía un tramo identificado xa como inundable no río Anllóns, ao seu paso por Ponteceso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, hai outras 28 Arpsis identificadas na costa galega, unha cifra que non varía respecto ás incluídas no plan anterior. En todo caso, a principal novidade neste sentido consistirá en que, co novo escenario aberto coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, a Xunta poderá asumir e desempeñar un papel máis relevante que o que tiña ata o de agora na xestión das inundacións costeiras.

Ademais, no marco desta avaliación preliminar —que prepara o camiño para a redacción dos mapas de perigosidade e risco das Arpsis fluviais e axudará a elaborar o futuro Plan de xestión do risco de inundación 2028-2033 con medidas de prevención e mitigación— acordouse tamén introducir unha serie de melloras desde o punto de vista metodolóxico que teñan en conta o cambio climático e os seus efectos para mellorar a anticipación.

Así, aplicaranse variables e proxeccións climáticas na xestión deste tipo de eventos en Galicia-Costa, en liña coas consideracións do Panel intergubernamental de cambio climático (órgano científico de carácter internacional especializado neste eido). En concreto, entre as conclusións principais que se terán en conta destacan a concentración cada vez maior das inundacións no inverno en lugar de no outono, como era habitual; o previsible incremento da frecuencia dos episodios extremos de chuva (é dicir, rexistros intensos en intervalos de 30 minutos), ou a tendencia a unha maior intensidade das precipitacións en Galicia, aínda que a media anual acumulada poida mesmo reducirse.

Outra das novidades de cara ao período 2028-2033 será a incorporación da información dispoñible sobre asolagamentos históricos ou cambios no clima ocorridos no pasado, unha metodoloxía innovadora e que achega datos clave para delimitar cunha maior precisión as zonas inundables e prever futuros episodios deste tipo.

Os sedimentos, rochas e restos biolóxicos preservados ao longo do tempo permiten obter unha visión máis detallada de eventos históricos de inundacións (paleoinundacións) que afectaron zonas concretas e por iso resultan moi valiosos para afrontar a xestión de riscos. Galicia xa participa en varios grupos de traballo a nivel nacional que apostan por estas novas fontes de información e ten previsto incorporalas na súa futura xestión.

Mellorar a predición

Para seguir mellorando a capacidade de anticipación ante este tipo de fenómenos, Augas de Galicia destinará 0,5 millóns de euros a optimizar o sistema de alerta temperá MERLIN, usado para predicir o risco de inundación nas bacías da demarcación hidrográfica Galicia-Costa con ata tres días de antelación.

Cómpre lembrar que este sistema xa foi implementado polo organismo autonómico de bacía e supuxo un avance notable respecto ao anterior (Artemis), proporcionando nos últimos anos mellores predicións de caudal e nivel de inundación grazas á súa integración cos datos de predición de MeteoGalicia e de Aemet. A optimización prevista agora inclúe melloras na predición hidrolóxica e hidráulica e tamén na xestión de datos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, búscase ampliar as capacidades de MERLIN para prever de forma máis precisa os riscos de inundación en zonas clave de Galicia, especialmente naquelas en que existe unha predición de caudais pero non de ata onde chegan as láminas de inundación.

O contrato, que se licitará en marzo, busca mellorar os modelos de predición hidráulica (é dicir, os que predín o nivel da auga en ríos e zonas de inundación), xa que actualmente hai áreas onde só se ten información sobre o caudal, pero non sobre o seu impacto real nas zonas en risco e nas infraestruturas e elementos que hai nelas.

Ademais de mellorar a precisión dos modelos de predición, tamén se pretende optimizar a visualización dos resultados. Deste xeito, os datos que se xeren presentaranse dunha maneira máis clara e accesible para que os técnicos e autoridades poidan tomar decisións máis informadas e rápidas, especialmente en casos de fenómenos meteorolóxicos extremos. Isto axudará a prever con maior precisión que áreas estarán en risco e permitirá tomar medidas preventivas dunha forma máis eficaz.

Balance execución do PXRI 2021-2027

Ao mesmo tempo que traballa no terceiro ciclo da planificación do risco de inundacións en Galicia-Costa, a Xunta segue a executar o PXRI 2021-2027. En concreto, o 74 % das medidas previstas neste documento xa foron finalizadas, seguen actualmente en execución ou están sendo implantadas de forma periódica, co reto de que todas poidan estar cumpridas e implementadas antes do prazo de finalización do plan.

Neste sentido, manter unhas infraestruturas axeitadas para afrontar posibles enchentes en zonas sensibles e realizar periodicamente obras e labores puntuais de protección das canles fluviais é unha das principais liñas de actuación do PXRI vixente, con obras realizadas ou actualmente en marcha por importe de 10,86 millóns. En concreto, entre as que finalizaron nos últimos anos, destacan a remodelación integral do parque San Martiño e o *bypass* no Muíño do Quinto, ambas en Carballo; a protección da marxe dereita do río Valga; a mellora do espazo fluvial do rego Gondomil, en Catoira, ou a instalación do sistema de regulación do caudal ecolóxico na presa de Baiona.

Na mesma liña, tamén se levan a cabo actuacións puntuais de drenaxe e restauración fluvial, como as que executa Augas de Galicia anualmente no marco do programa de conservación e mellora do dominio público hidráulico, que só en 2024 permitiu intervir nuns 500 km de ríos e co que de cara a este ano se prevé actuar noutros 550 km.

No eido do I+D+i, un exemplo clave do que se está a facer é o proxecto Innovaugas 4.0 para a mellora da xestión dos recursos hídricos e da resposta ante as inundacións, optimizando a resiliencia dos ecosistemas fluviales fronte ao cambio climático.

Así mesmo, tamén se segue a reforzar a rede de medición, en que Augas de Galicia fixo un esforzo notable ao duplicala, pasando de 43 a 91 puntos de medición e mellorando así a capacidade de análise das condicións hidrolóxicas en tempo real.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar, por último, que a Xunta prevé mobilizar só este ano máis de 35 millóns de euros no desenvolvemento da súa actual estratexia de planificación, programación e posta en marcha de diferentes medidas para facer fronte aos riscos de inundación dentro do ámbito da bacía hidrográfica de Galicia-Costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REDOBRA O APOIO Á INDUSTRIA FORESTAL GALEGA CUNHA NOVA ORDE DE AXUDAS POR IMPORTE DE 10 M€ PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- Rueda destaca que a convocatoria deste ano, en réxime de concorrência competitiva, incorpora unha nova liña destinada a mellorar as condicións para a rastrexabilidade da madeira, clave “para as exportacións”
- Ademais se reducen os trámites para solicitar estas achegas
- Os apoios enmárcanse na Axenda de impulso forestal-madeira, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, e que ten como obxectivo poñer en valor a industria e impulsar a súa modernización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou “destinar 10 millóns de euros” para o bienio 2025-2026 a axudas para apoiar a industria forestal “á hora de adquirir tecnoloxía ou maquinaria relacionada coa súa actividade”, o que supón duplicar o orzamento da anterior edición. Deste xeito vaise lanzar unha nova convocatoria de achegas para apoiar investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais que permitirán mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas que integran a cadea monte-industria galega.

A Xunta redobra esforzos con estas axudas para chegar a máis beneficiarios e coa creación dunha nova liña de axudas “para adquirir maquinaria que permita unha perfecta trazabilidade da madeira, algo fundamental nas exportacións”, indicou o presidente.

As achegas, que impulsa o Goberno galego a través da Axencia Galega das Industrias Forestais (XERA), se concederán en réxime de concorrência competitiva e buscan poñer en valor o conxunto de recursos que atesouran os bosques galegos xunto cos equipamentos, maquinaria e as instalacións necesarias para incrementar o peso da industria ligada a toda a cadea de valor.

Para iso, inclúe cinco liñas de axuda: xestión forestal activa, destinada á adquisición de maquinaria precisa para a realización de tratamentos silvícolas; madeira e biomasa, dirixida a equipamentos de medición de masas forestais, acondicionamento e instalacións e maquinaria específica; castaña e resina, encamiñada á adquisición de maquinaria e mellora das instalacións para o aproveitamento comercial da castaña e da resina no monte; valor engadido na primeira transformación da madeira, enfocada á compra de equipamentos portátiles, maquinaria e instalacións de primeira transformación destinadas á clasificación automática tanto da madeira estrutural como de produtos serrados intermedios ou finais, entre outros, e, finalmente, unha nova liña para medición, rastrexabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento dirixida á adquisición de equipamentos de medición do inventario forestal e equipamentos portátiles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria deste ano avanza na filosofía da Administración galega de desburocratizar e axilizar os trámites requiridos para solicitar as axudas. Así, mantéñense a declaración responsable ou a autoavaliación dos criterios de baremación e se evita a obriga de presentar 3 ofertas na maior parte dos investimentos.

Cada persoa solicitante só poderá presentar unha solicitude de axuda e a dita solicitude só poderá dirixirse a unha única liña de axudas. A axuda máxima limitarase por solicitante aos 200.000 euros para as liñas 1 e 4, 50.000 euros para a liña 5 e 160.000 euros para as liñas 2 e 3.

En canto á intensidade máxima da axuda é do 40 % dos gastos elixibles e o importe está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España (PEPAC 2023-2027), cunha achega do Feader do 60 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 12 % e da Xunta de Galicia do 28 %.

Esta orde de axudas enmárcase na Axenda de impulso forestal-madeira que, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, ten como obxectivo potenciar e impulsar a súa modernización, a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA QUE GALICIA DEIXA DE INGRESAR 127 M€ CADA MES POLA INACCIÓN DO GOBERNO CENTRAL NA ACTUALIZACIÓN DAS ENTREGAS A CONTA

- Destaca que así o reflicte un informe presentado hoxe ao Consello de Goberno polo conselleiro de Facenda e Administración Pública
- A Xunta pedirá no CPFF o ingreso das cantidades que se lle deben a Galicia, recursos que lles pertencen ás CC.AA.
- O Goberno galego pedirá a compensación dos custes financeiros nos que se incorre como consecuencia dos retrasos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que Galicia deixa de ingresar 127 millóns de euros cada mes pola inacción do Goberno central na actualización das entregas a conta.

Tal e como destacou Rueda, esta é unha das conclusións do informe sobre as repercusións na Tesourería da Comunidade do retraso da actualización do importe das entregas a conta do Sistema de Financiamento Autonómico (SAF), que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou hoxe no Consello de Goberno.

Para o titular do Goberno galego, o próximo Consello de Política Fiscal e Financeira “vai ser unha oportunidade perdida” se non se fala do financiamento autonómico, unha cuestión prioritaria. Neste sentido, a Xunta reclamará ao Goberno nesta reunión a “actualización inmediata das entregas a conta” para que Galicia ingrese as cantidades que se lle deben en función dos tributos que pagan os cidadáns en cada territorio, algo para o que non é preciso ter aprobados os Orzamentos.

Segundo lembrou o presidente, as CC.AA. están a recibir unhas entregas a conta prorrogadas, calculadas a partir da previsión de ingresos do ano 2023, o que supón que cada mes que pasa sen que se actualicen, reciban 1.802 millóns de euros menos do que lles correspondería.

O atraso destas entregas o ano pasado provocou tensións de liquidez na Tesourería da Comunidade galega ás que se tivo que facer fronte con créditos que xeraron custes financeiros de máis de 10 millóns de euros.

A situación estase a repetir este ano, coa falta de Orzamentos Xerais e a negativa do Goberno central a tramitar a actualización das entregas a conta mediante Real Decreto-Lei, o que podería supoñer 14 millóns de euros máis en gastos financeiros ao final de ano. Como consecuencia, a Xunta pedirá a compensación dos custes financeiros nos que se incorre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AFIANZA A SÚA APOSTA POLO SECTOR VITIVINÍCOLA CON 6,5 M€ PARA ELABORAR E COMERCIALIZAR ESTES PRODUTOS E FOMENTAR A PROMOCIÓN EN TERCEIROS PAÍSES

- A primeira liña de achegas permitiu beneficiar 28 entidades cun montante total de 5,2 millóns de euros, mentres que a segunda conta con 13 beneficiarios a través dun investimento de 1,3 millóns
- A maior parte das entidades beneficiaras nas dúas liñas de achegas están situadas nas provincias de Pontevedra e Ourense
- Esta liña ten como obxectivo mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade e promocionar o coñecemento das características e a calidade dos viños galegos
- No período 2018-2024 estas achegas contaron cun orzamento total de 33,2 millóns de euros, financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga)

A Xunta de Galicia vai destinar algo máis de 6,5 millóns de euros para apoiar o sector vitivinícola. Así o recolle o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, en que se analiza a concesión das axudas para a execución de medidas de promoción deste sector en mercados de terceiros países e para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas. Prevese que as resolucións se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro 26 de febreiro.

Así, as achegas para a elaboración e comercialización permitiron beneficiar 28 entidades, a maior parte delas nas provincias de Ourense e Pontevedra, cun orzamento de 5,2 millóns de euros. Esta liña ten como obxectivo mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade.

Contribúen tamén a fomentar a certificación ambiental das empresas; propiciar a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e favorecer a innovación e a implantación de novos produtos. Ademais, impulsan o incremento da dimensión empresarial, potencian a participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor e impulsan os investimentos e comercialización e promoven a introdución das tecnoloxías dixitais.

Por outra banda, a liña de axudas para a promoción do sector vitivinícola en terceiros países resolverase con 13 entidades beneficiarias -integramente nas provincias de Pontevedra e Ourense- e un importe total de 1,3 millóns de euros. Estas achegas teñen como fin promocionar o coñecemento das características e calidade dos viños galegos para contribuír á mellora da súa competitividade.

No período 2018-2024 estas achegas contaron cun orzamento total de 33,2 millóns de euros -24,9 millóns de euros para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas e 8,3 millóns de euros para a promoción do sector en mercados de terceiros países-, financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga), poñendo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de relevo o compromiso do Goberno autonómico con este sector produtivo, que se consolida como un dos piares da economía da comunidade.